

Luns 30, Abril 2012 | [Cultura](#) | 3

 [Montse Dopico](#) | [@montsedopico](#)

“A sororidade é unha arma de empoderamento que só pode facernos máis libres”



Begoña Caamaño

Morgana irmá, amiga, amante. Muller libre que escolle o afecto como patria. Ser loitador que non está disposto a renderse, nin a renunciar a saber. Así é a protagonista de *Morgana en Esmelle*, a nova novela de Begoña Caamaño. A escritora e xornalista realiza con esta obra a súa achega á revisión galega da materia de Bretaña. Pero, alén do ronsel de Cunqueiro, opta pola relectura dos mitos en clave feminista como o fixeron Xohana

Torres ou María Xosé Queizán. Para propoñer unha reflexión sobre a sociedade que queremos, sobre o poder que devén tiranía se non ten límites, se non se asumen as consecuencias dos actos de cada quen.

***Morgana en Esmelle* amosa conexións coa túa novela anterior, *Circe ou o pracer do azul*. Como o achegamento entre as dúas mulleres que eran rivais nun principio.**

Circe está máis centrada no achegamento entre Circe e Penélope do que o está *Morgana* entre Xenebra e Morgana. Pero si é certo que eu aposto polo achegamento entre mulleres, sobre todo cando as supostas rivalidades son falsas, ou froito das circunstancias e non da vontade de facer dano. O entendemento mutuo entre as mulleres, a sororidade, é unha arma de defensa e de empoderamento que só pode facernos máis fortes e máis libres.

O primeiro que pensamos ao comezar a ler unha novela arredor da materia de Bretaña é en Cunqueiro, Cabanillas... Pero se cadra o teu libro ten máis que ver coa reinterpretación dos mitos de Xohana Torres, María Xosé Queizán, Chus Pato...

Cunqueiro é un escritor delicioso, e unha das moitas cousas que temos que agradecerlle foi a súa transgresión dos mitos, pois demostrounos como podemos apropiarnos deles, facelos nosos, como el fixo con Merlín, convertido case que nun menciñeiro. A miña novela é, por iso, tamén unha homenaxe a Cunqueiro, pero ese non é o seu motivo fundamental. Os mitos non son só anécdotas, senón que perduran no tempo e marcan canons, estereotipos, fixan modelos de conduta. No caso de *Circe* a literatura clásica é fundamental, por iso.

En canto á materia de Bretaña, aos galegos cólleenos moi de perto, xa desde o celtismo de Risco. Ten que ver coa incorporación da cultura atlántica ao proxecto de construción europea desde a caída do Imperio Romano. O cristianismo funcionou como un elemento unificador de Europa, dos reinos que se estaban formando. A Europa Atlántica fora máis difícil de conquistar para os romanos. E o mito artúrico ten que ver con isto, que na novela está presente a través do enfrontamento entre Merlín e Viviana. Na interpretación máis habitual do mito Viviana representa o ancestral e Merlín o progreso, a nova ideoloxía, a nova orde. Partindo desa tensión dialéctica, quixen facer unha reflexión máis contemporánea sobre o poder e a ética.

De feito no libro asistimos á evolución dos proxectos de Viviana, Merlín e Morgana, que reflexionan sobre a súa soberbia, o seu fracaso...

A novela fala moito de culpas, pero non nun sentido cristián, senón no da responsabilidade, no sentido de ser conscientes das consecuencias dos nosos actos, das nosas decisións. É a antítese do que se chama agora "danos colaterais", que é un bo exemplo de deshumanización das vítimas, de falta de asunción da responsabilidade. O abuso de poder convértese en tiranía. É o que pasa cando un teclea nun ordenador e muda a prima de risco e con iso esnaquiza un país, é o que fai o FMI... pero tamén o que ocorre na vida cotiá. A Merlín móveo o poder, e a Morgana a procura da felicidade. E ambos acaban reflexionando sobre o que fixeron, sobre as consecuencias dos seus actos.

A novela ten tamén moito de reivindicación do coñecemento, a través dos tres personaxes, non si? Viviana ten cousas en común, niso, coa Hélène Jans de *Herba moura* de Teresa Moure.

Si, é o coñecemento fronte á superstición, a tiranía. A ignorancia condúcenos á pobreza, á miseria e non só nun sentido económico. A falta de coñecemento leva á alienación, á falta de liberdade. Non é estraño que haxa conexións con Teresa Moure porque Teresa é tamén unha escritora feminista, e o feminismo é unha cosmovisión, un xeito de entender o mundo. Xa dicía Simone de Beauvoir que non se nace muller, senón que se chega a selo. Porque hai uns roles que son construción cultural, e o coñecemento é básico para liberarnos deles.

Hai un forte contraste entre a nai de Morgana, Igraine, e a súa filla ou a súa irmá, Viviana. Igraine renuncia a ela mesma. Morgana e Viviana loitan polo que queren.

Igraine é unha muller arrasada, destruída, vítima dunha conspiración. É incapaz de sobrepoñerse e refúxiase no seu mundo interior. Morgana é todo o contrario, quere saber por que pasou o que pasou, e por iso volve a Esmelle. É unha loitadora que non renuncia a saber.

Tamén é unha novela de renunciacións: Viviana e Merlín renuncian ao amor que os unía, Igraine renuncia aos seus fillos...

É que a vida está chea de escollos, nunca podemos ter todo, e non creo que iso sexa nada dramático. Ao escoller algo deixas outra cousa, é así. E das renunciacións tamén aprendemos. Viviana e Merlín deixan a un lado o seu afecto, e cando chega a hora da verdade, de render contas ante un mesmo, pensan no que perderon, claro. Morgana loita ata o final polo afecto de Artur, que é a súa causa. Ela tamén renuncia, porque marcha de Ávalon para volver con Artur e tentar recuperar a infancia perdida. Enfronta a vida con máis forza, con máis ansia que Xenebra, que tamén é unha vítima.

O libro remítenos a debates actuais. No fondo, é a escolla entre dous mundos. Ávalon, que representa o coñecemento, a igualdade, a xustiza... que defende Viviana, ou a monarquía forte baixo un rei único que proxecta Merlín, coa ideoloxía nova, o cristianismo, como elemento aglutinador. Di Merlín que o que o pobo precisa non é o coñecemento, senón fuxir da pobreza e ter garantida a paz e o non sometemento a un poder estranxeiro.

Si, porque quixen formular un debate contemporáneo. Sobre que modelo de sociedade queremos. Queremos ser cidadáns, comportarnos como persoas maduras e responsables dos nosos actos, ou simplemente deixar que nos leven pola man? Que é o que entendemos por democracia? Só pan e circo? Nunha conxuntura económica tan brutal como a actual, o estraño é que non estea a haber grandes revoltas. Pero non, seguimos así, amolados pero mantendo o sistema.

A novela está estruturada en capítulos que van alternando a voz de quen nos fala: das crónicas de Avalon á conciencia de Merlín ou o relato de Felipe... O capítulo final, o de Morgana, amosa un estilo diferente. Pensaches así a técnica narrativa para darlle axilidade ao libro?

Si, quixen alternar diferentes voces que nos achegan ao relato de distintas maneiras. A miña parte favorita é a final, na que por primeira vez nos fala Morgana. E si ten un estilo diferente.

Na liña das reflexións actuais, pregúntase Merlín se a memoria é unha beizón ou unha condena. Por que?

O da memoria é un debate actual si, e non só polo da memoria histórica. Parece que, como comezou a chover, xa ninguén lembra que arderon as fragas do Eume. Os medios de comunicación de masas teñen ese efecto de facer que se esquezan as cousas importantes, como se xa non o fosen porque xa non están "de actualidade". E unha sociedade que esquece é tamén unha sociedade que non pide responsabilidades aos causantes do mal. A conciencia é necesaria, pero a memoria e a conciencia non sempre son agradables, como lles pasa a Merlín ou a Morgana. A memoria ten tamén que ver cos mitos, con de onde vivimos.

Fonte: <http://praza.gal/cultura/791/la-sororidade-e-unha-arma-de-empoderamento-que-so-pode-facernos-mais-libres/>

[data de descarga: 22/03/2016]